

A monumentalidade da Ribeira Sacra

Cando desde as altas penedías da ribeira de Sober, desde estes estremeiros lucenses, no impresionante Canón do Sil, nos cotarros e colados, ollamos por riba do espello translúcido da auga, gardando a xenreira contida por esnafrar as pexas do encoro de Santo Estevo para cantarlle, de novo, a memoria das aureanas, e miramos, máis aló dos cavorcos fondos polos que agatuñan os socalcos humanizando precipicios imposíbeis, as terras ourensás de Castro Caldelas, a Teixeira, Parada do Sil, Nogueira de Ramuín, e contemplamos pamos o mundo desde as cimas desta fractura xeolóxica polas que discorre o río, hoxe manso e encorado, muro, barreira, onte libérrimo camiño reunindo todos os camiños, sabemos, nese intre, desde os cumios desta natureza desmedida, que a pouca distancia, á mesma que percorre un aturuxo, ignorante de límites administrativos, está, tamén, o noso país ribeirao.



AFONSO CAMPOS PÉREZ

Músico, dirixiu a Banda e Escola de Música de Sober, a Escola de Música e Coral Polifónica de Quiroga, a Coral Renfe de Monforte, a Coral Pero de Ver de Bóveda e a Coral Polifónica de Samos, entre outras. Actualmente participa en Asociacións Culturais coma O Trícole, grupo de música tradicional do que é fundador, ou O Colado do Vento, ambas adicadas á recollida e difusión do Patrimonio. Voceiro do Grupo Municipal do BNG do Concello de Sober dende 2007

Andando os camiños do río

Véñennos ao maxín as historias de caldelaos e limes, co seu sangue mesturado, os poderosos señoríos monacais de Santa Cristina e Santo Estevo, os pequenos cenobios, igrexas e capelas, as rivalidades veciñais, os pasos, os oficios, os pobres de pedir, as festas e feiras compartidas, os amores, as lendas, as vivencias, sempre vertebradas polo río, creador de eidos de regalía e fartura: viños saborosos do Amandi, laranxeiros, limoeiros, froitos e hortalizas temperás, soutos, pesca e, como nos di Joaquín Domínguez, oliveiras traídas desde a Bética no s. II., que nos deixaron moitas pegadas na toponimia e as testemuñas da elaboración do aceite até principios do século pasado na parroquia de Pinol. A desaparición das oliveiras, igual que outros feitos neste país, o encoro entre eles, tivo que ver con intereses alleos. Segundo un documento consultado polo autor citado, para sufragar os gastos das guerras do rei Filipe IV, o válido Conde Duque de Olivares gravou con dous reais cada pé de oliveira, co que empezaron a desaparecer de moitos lugares de Galiza.

Por iso, porque todo forma parte da nosa consciencia colectiva, porque vimos e vemos os homes e as mulleres abandonar os paraísos, porque aínda escoitamos desde os altos os galos e quiricos do outro lado e o ruxerruxe das tarefas ribeirás, e desde algún campanario o badalear das campás, substituídas ás veces polos megáfonos estridentes, cuspindo as horas como se o devalar do día non fose dando cumprida conta do paso do tempo; porque de cando en vez oímos un berro ribeirao resoando aquí e acolá, fervellando os xenes das nosas tribos mesturadas; por iso, porque aínda non esmoreceu de todo a chama, queremos andar os camiños do río, para estiñar a fonda ferida que o chamado progreso nos deixou, e reivindicar as vellas relacións, agora que se fala tanto de Ribeira Sacra, deste país ribeirao, ignorante de fronteiras burocráticas.





Principiamos o camiño no lugar de Portizó, na parroquia de Anllo. Cruzaremos os ríos polo paso da Barca de Santo Estevo, primeiro o Cabe cara a Pantón e logo o Sil cara a Nogueira de Ramuín, e seguiremos camiño cara ao mosteiro. Nos Penedos do Castro deterémonos na contemplación do andado: Camiño Real tamén na súa materialidade física, realidade espiritual no relixioso e no fantástico, ao lle superpor ao vieiro o descomunal salto do cabalo de Santiago, desde a pedra do Baldeiros, a carón do viaxeiro, até as Cirdeiriñas, na orela ourensá, por riba mesmo do mosteiro bieito. Eso si, conformarémonos, humildes mortais, cos humanos medios, poñendo a pé, medida ao espazo e á paisaxe.



Escudo das nove mitras

PORTIZÓ-MOGUEIRA. Chegamos a Portizó pola estrada Sober-Anllo, despois da rotonda da Lama dos Campos, por onde se accede aos dominios do Priorado de Rosendo, hoxe rectoral e igrexa na mesma peza, rubricada por unha contundente torre-campariño engadida: a Casa das Señoritas (s. XVI-XVIII), convertida en establecemento de turismo rural e rehabilitada con moito gusto despois do incendio que comeu o borracho na porta (un mendigo bébedo do pintor de Castinande). Na mesma parroquia, a Casa de Rivas (s. XVIII), en cuxos terreos están as dependencias da Escola de Hostalaría, inmersa nunha finca tapiada de máis de 50ha, ocupadas, en gran parte, por carballos despregándose até as augas do Cabe fronte a

Acedre e Santiago de Cangas. Din os do lugar que a orixe desta propiedade foi un dos mariñeiros que acompañou Cristovo Colón ás Américas.

Portizó, desde a estrada que ocupa o vello Camiño Real, vémolo recollido en si mesmo, concentrado entorno ao rego que impón os límites parroquiais, arrolando coa rexouba perenne, que aumenta ao pouco en intensidade, cando cae pola ferveza de máis de 100m de desnivel, que desde o Pozo da Cadela se precipita até o fondo das viñas da Ribeiriña polos recunchos esvaradios de rocha pulida. Ao seu carón, o camiño da Chouza furando até os lameiros, carrucho por onde se carrexaron tantas mañizas de leña ao lombo, e tamén, á súa beira, os tres muíños maqueiros aproveitando a auga para a industria da moenda.

Portizó, lambido pola mansedume da auga, que transcorre como unha ladaíña, primeiro, para facerse, alí mesmo, cachón ruxideiro, ten a virtude da sinxeleza, da harmonía e da unidade, espreitando, sempre, cara ás viñas do Poulo, o Cuturulo, a Deusa, a Bouriza, o Val, a Costa, a despregarse abas abaixo pola vertente do rego. O rego de Portizó, nacido e medrado entre as mámoas da Peniña do Ouro, a Anta e os Fornos, para derramarse no Cabe por debaixo da Ponte Xunqueira, un deses topónimos postos, seguramente, polos enxeñeiros da vía do tren.

Deixamos a estrada e entramos na aldea, pisando, agora si, as vellas pedras do camiño orixinario, e cruzamos o regato pola ponte, orixe do diminutivo de *portus* (paso dun río ou montaña), reflectido no topónimo Portizó. Á esquerda, o canteiro-escultor talla bufos e gatos na pedra granítica ou, ao mellor, motivos xeométricos dos que gusta especialmente. Á dereita, rúa arriba, o peto de ánimas pedindo esmola polos espíritos das encrucilladas, reminiscencia dos lares viarios doutros tempos, como as rosetas enmarcando unha escaleira nos recordan a protección e o tránsito no mundo castrexo-romano.



Os cenobios, herdeiros moitos das primixenias ermidas, foron absorbidos por mosteiros maiores, neste caso, o de Meira, que á súa vez estaba unido á Congregación de Castela desde 1503

Á saída da aldea agárdanos o muro de perpiños e as cornixas do antigo Priorado cuxos restos resisten transformados en alpendre. Sobre a porta, unha inscrición recórdanos o abade do Mosteiro de Meira “Félix Altozano, hijo de Nogales, 1669”. Estes pequenos cenobios, herdeiros, moitos, das primixenias ermidas que, como o do Cotillón en Pantón, poboaban estas ribeiras, foron absorbidos por mosteiros maiores, neste caso, o de Meira, que á súa vez estaba unido á Congregación de Castela desde 1503. Na memoria das xentes queda a fama da que gozaron os monxes do Priorado: “roubaban rapaciñas dos arredores que nunca volvían aparecer”, din os do lugar, relacionado co Priorado está o topónimo Granxa e Trala-Granxa, dedicadas a usufruto do seu territorio.

Carreira arriba, chegamos ao Eido das Moreiras. A utilización da folla destas árbores para alimento do verme da seda era común en moitas parroquias, onde aínda quedan exemplares centenarios. A Caldelas ía o sedeiro da Casa da Pereira de San Xoán de Barantes. Enriquecido con este comercio e co préstamo foi envelenado por algún dos seus debedores, que intentou saquear o escondedoiro dos cartos nas alvarizas do Castro de Vilanova, na mesma freguesía de Barantes. Con estes e outros trasfegados camiños do río ían cheos de xente: afiadores de Nogueira de Ramuín, albardeiros, cordeiros, zarralleiros arraxando potas furadas con remaches pegadas con masa, “masa

mentres o zarralleiro pasa”, di rindo o Manolo de Mogueira. Polos camiños do río viñan os da Teixeira moer aos muíños de Mourentán en Doade e os de Moreiras en Amandi, aos muíños do rego de Barxacoba. “Onde irás, boi que non ares? De Barxacoba aos Peares”, dicíannlle aos da aldea os gaiteiros da Tamborrada dos Carrazúas de Amandi, xa peneques, pouco antes de seren corridos a coiazos; os músicos da Banda de Santa Cruz de Brosmos, que nalgunha ocasión tiveron que buscar os platillos ao fondo do río; os rosquilleiros da Somoza, osromeiros, os namorados coma o Velouxe, o Meixide, o Puga ou o Blanco da Casa Forte de Santo Tirso de Maceda, que viu a moza do Nogueiro por vez primeira do outro lado do río o mesmo día do casamento; os fuxidos de todas as guerras, tamén a da desmemoria, buscando escondedoiros ao abeiro da salvaxe beleza ribeirá.

Mentres andamos polos Salesendros, cara á Fonte e Soutonovo, nestes camiños xa pouco transitados, saénnos estas e outras historias ao encontro, ditas polo mesmo pobo que as viviu e as gardou, ou as recolleu e as transmitiu coma un legado vivo. Vemos desde Soutonovo leiras labradas e lameiros con ovellas pola rega do Rigueiro, resistindo o abandono crónico que vimos sufrindo desde mediados do s. XX, cando o Concello superaba as 10.000 almas, até estes albores do s. XXI, cos 2.800 habitantes en precipitado descenso ao termos a poboación máis envellecida do Estado

Vista desde os Penedos de Castro



A Paixón



Entrada a Portizó polo Camiño Real

Claustro dos Bispos




español. Xa cantaron as coplas de entroido aquilo de: *Estamos os primeiriños, / podemos estar ben ledos, / quedámonos sen veciños / pero somos os máis vellos. / As funerarias cotizan / has me de dar a razón! / Os curas xa non bautizan / pero dan a extrema unción.* Vendo estas aldeas, verdadeira lección etnográfica a cada paso, cos hórreos, fornos, corredores, pombais, artísticos poleiros, olas de Gundivós coroando os teitos, encachotados debuxando os muros, lavadoiros, fontes, e tantas outras respostas ao medio, ás veces estragadas pola modernidade do cemento, o ladrillo e o inverosímil, moi próximo á gargallada; vendo estes recunchos, hoxe esmorecidos, reflectindo a vida e o desexo, inmersos nunha natureza sempre exuberante, dámonos conta da importancia de manter a poboación para seguir conservando respectuosamente as aldeas e delineando na paisaxe os eidos humanizados.

Sáenos, primeiro, o camiño da Garamuxa, despois, outra vez, a estrada asfaltando do vello Camiño Real, para recollelo, de seguida, máis prístino á dereita polas Tapias, ollando a ribeira de Rosende, Acedre e Frontón. Andamos no país dos augardenteiros ambulantes que fixeron deste oficio, herdeiro dos antigos alquimistas e dos instrumentos transmitidos polos árabes (*al-inbiq* - alambique), unha verdadeira profesión coa que recorreron moitas comarcas de Galiza durante varios meses ao ano, deixando os lugares practicamente sen homes (ao

redor de cen saían da parroquia no período 1975-95). Algúns, xa poucos, van á *estila*, mentres, coma sempre, as mulleres atenden soas os fillos e as tarefas da terra.

Mais Anllo no é só a freguesía dos augardenteiros. Ao chegar ao cruce da igrexa co pobo de Hortás e os Paxaríns, por onde colleremos en dirección a Mogueira, estamos preto de Castinandi, o lugar natal de Juan Bernardo Eleodoro Alonso, así figura na partida de nacemento, o pintor de Castinandi, nacido na casa de Santa Cruz (1784-1839), pintor dos paxariños, como algunha vez se lle definiu por utilizar este motivo, profusamente, xunto co das flores, como recurso ornamental. Pero Castinandi non é só un pintor local. Encadrado, como nos di o párroco César Carnero, dentro do neoclasicismo, autodidacta e ao mesmo tempo, formado, seguramente, nalgún dos talleres de pintura e escultura do Monforte de fins do s. XVIII, a súa arte, mestura do popular e o erudito, cunha técnica máis que aceptábel e con gran coñecemento dos temas e motivos tratados, estendeuse por toda Galiza, especialmente nos pazos e, sobre todo, nos retablos das igrexas e capelas. O descoñecemento levou a que moitos dos nosos autores ficaran esquecidos, até chegar á destrución das súas pinturas con total impunidade, como neste caso, nas recentes obras do Pazo Condal de Monforte de Lemos. No seu recuncho natal encontramos Castinandi nos retablos e na porta da sancristía da igrexa, onde podemos destacar, tamén, á marxe do traballo do artista, a pía bautismal fermosamente labrada, o pendello sobre columnas de fustes lisos e monolíticos, e o touro do arranque da espadana, pertencente a unha máis primitiva fábrica románica. E volvémoslo atopar na porta, contraventá, ornamentación parietal da capela e na Virxe do Carme sobre tea da Rectoral de Anllo, hoxe convertida en casa de turismo rural e antes, se atendemos á súa factura e á distancia da igrexa, casa fidalga cun pequeno escudo sobre a porta principal recordado polos máis



vellos “como dúas abeacas cruzándose nos extremos cun buratiño redondo no medio”. Na ruta, aparece a Rectoral, pouco antes de chegarmos a Mogueira (herdade *monacharia*), sobria, ergueita sobre os eidos, aberta a un horizonte case lúbrico nos infindos matices. Datada no s. XVIII, de claras resonancias italianas, presenta, ao menos, tres tempos construtivos que non lle restan unidade a un conxunto restaurado con moito agarimo.

E, cunha última ollada á aldea de Castinadi, gardado polo seu castro de croa penedía e terrazas convertidas en amplos socalcos vitícolas, deixamos Mogueira camiño do Porto de Entrambasaugas, agardando polas sorpresas do vieiro, nunca igual a si mesmo.

MOGUEIRA- A BARCA DE SANTO ESTEVO. Vai fondo o camiño, cuberto por carballos do aire, deses que se deixaban á beira dos eidos, hoxe devesa mesta cubríndoo todo. Encontramos de novo o regato de Castinandi, aquí chamado de Longares, recollendo as augas de abondosos mananciais e os nomes dos lugares polos que pasa para facerse propio en cada sitio. O Manolo de Mogueira recorda isto cheo de xente, novos e vellos, nestes terreos frescos e produtivos que gardaban a lentura no verán e levaban a auga a cachón polos regos no inverno. Aquilo era antes de marchar a Australia: corenta anos despois todo ficara abandonado, a penas pacido polo gando do lugar. O home ponse a recitar os nomes dos

sitios polos que pasamos como aventando os malos pensamentos, e todo parece animarse coa vida que tivo: Longares, A Viña Vella, Guntín, Os Valados, Fufín e Outarelo. A terra será nosa mentres poidamos chamarlles de ti ao Cotiño do Xardón, Á Pena de Xan de Ardán, ao Colado do Vento, ao Petouto dos Mouros, á Horta dos Cregos, Froxende... Centos, milleiros de nomes fermosos e sentidos como unha ladaíña.

Ao chegarmos ao cruce da Ciritaina vemos a aldea de Nogueira, rodeado de campos traballados, logo enmarcados na vexetación caducifolia que vai deixando paso aos piñeiros do monte, e seguimos de fronte cara ás Tapadas. Na Tapada do Amaro, a carón do regato de Baldeiros, á beira mesmo da senda, está unha das penas con insculturas ao ar libre máis interesantes do Concello. Presenta círculos concéntricos, sucos, cruces independentes e inscritos en círculos e cadrados, coviñas e un reticulado. Falouse, tamén, dun ídolo e unha paleta, moi difíciles de precisar polas características da pedra, unha laxa exquisita con moitos sucos naturais (*diáclases*), único dentro dos vinte e tres visitábeis do Concello de Sober, soporte pouco utilizado nestes gravados da Idade do Bronce, encadrados no chamado Grupo Galaico de Arte Rupestre onde a pedra granítica é a que predomina. A obra de abastecemento de auga da que vemos, ao outro lado do regato, os terrapléns da lagoa artificial, case acaba cunha das

Igrexa de Anllo e interior da Igrexa de Santo Estevo



Petroglifo de Baldeiros

máis destacadas sinais de identidade da nosa terra, que mestura arte, misterio e tradicións. Tradicións cristianizando, neste caso, un lugar pagán, manténdoo como lugar significativo catro ou cinco mil anos despois: sempre as mesmas cousas con distinta data, diría León Felipe. A supervivencia de milenios, envoltos nas formas dadas polas transformacións económicas e sociais, vese, ao fin, truncada polo abandono.

Deixamos a pedra na que o cabalo do Fillo do Trono deixou as pegadas e collemos agora a estrada da Barca, trazada, agás algúns anacos, polo vello camiño. Andamos polo ángulo (Anllo) de confluencia do Cabe e do Sil, deixando o bosque caducifolio, para mergullarnos no inmenso piñeiral de Monte en Man Común que ocupa unha superficie de máis de 1.500ha, cheas, antes, de carpazas e uceiras entre as que andaban as ovellas. Andamos polas rocheiras de aguzar da Pena do Picón, da Pena Rubia, da Pena do Conde. Camiñamos polo alto da Rega da Trapa e a Rega de Rolán, lugar de viñas e soutos aos que se accedía por pendentes camiños de cabalería. Desde a Pena do Conde, no límite do piñeiral, a paisaxe expándese de súpeto cara á Barca na mestura das augas, a estación de Santo Estevo, cos rechamantes depósitos de cemento da época do encoro, e as terras de Nogueira de Ramuín abríndose polo Sil até que perde o nome nos Peares na aperta co Miño. Os piñeiros deixan paso ás sobreiras, érbedos, xaras, azaias (lavan-



da), moi utilizadas, estas, nas procesións do Corpus para esconxurar o trono. O microclima máis tépedo mestura na vexetación euroatlántica, propia da penechaira, a flora dos ámbitos mediterráneos.

A estrada, aquí de novo trazado, segue até a explanada da capela da Virxe da Barca, agora Santa Isabel, pero nós collemos á esquerda para entrarmos por riba da aldea, xunto das adegas dos monxes, e seguir polas estreitas e pendentes carreiras do núcleo ribeirao para axexar o Encanto da Pena do Boqueiro e o carreiro da Zaquiela, aínda utilizado polos pescadores, ao Piago Negro, unha das entradas ao inferno habilitadas nunha fonda poza do río.

Pertenceu A Barca de Santo Estevo a San Xoán de Frontón até o ano de 1891, no que o bispo a pasou á parroquia de Santo Estevo de Anllo, quedando administrativamente dependente do Concello de Pantón. Tiña o mosteiro dúas barcas aforadas: unha para cruzar o Cabe e outra para cruzar o Sil, esta na mesma confluencia dos ríos, nun lugar onde, segundo un documento de 1254, se lle chamaba Vargea. Barca para o transporte da xente e barco para o gando que corrían a cargo do mosteiro, agás os arranxos de menor contía que os debía pagar o barqueiro, quen gozaba de bens e casa para vivir folgadoamente. Garantían os monxes o paso de balde á xente do mosteiro, aos vasalos cando ían pagar as rendas, por Nadal, Pascua Florida e por Santo Estevo. Logo, no porto do Cabe, fíxose unha ponte de madeira, moi feble ante as cheas, transformada, máis tarde, na actual con piares de pedra e piso de formigón. Por el seguimos camiño.

A BARCA-SANTO ESTEVO. Despois de cruzarmos o Cabe, pasamos o Sil pola ponte privada feita para a construción do encoro. No ano de 1600 os monxes solicitaron permiso ante o rei para facer unha neste lugar de Entrambasaugas. Houbo que esperar a construción da presa a mediados do



Cando chegamos á
abadía bieita,
convertida en Parador,
e admiramos a mestura
dos tempos desde as
súas humildes orixes
até ser un dos máis
poderosos centros
organizativos

s. XX para vela feita, moitos anos despois da desaparición da vida monástica en Santo Estevo.

O encoro supuxo a creación de postos de traballo. Iso si, con precarias condicións económicas e de seguridade, producíndose moitas mortes e accidentes graves. Famosa é a historia do buzo que quedou enterrado no muro da presa, e a simulación do seu enterramento. Para o encoro construíronse o poboado da Rasa en Nogueira de Ramuín e o da Chaira en Pantón. O encoro destruíu aldeas como San Tomé, A Barca de Gudín, o fondo de Portabrosmos ou San Fiz, por baixo de Sacardebois, onde unha velliña se resistiu heroicamente a deixar o fogar aínda coa ameaza de derrubamento do asentamento. Só, anos despois, puido levala de alí a filla, tocada, xa, pola morte. Aguanta San Fiz cuturuleiro, sinalado polas lanzas dos cipreses fronte ás viñas de Auga Quente, gardando o camiño polo que se subía desde A Barquiña en Portabrosmos, cara a Caldelas. O encoro levou os mellores eidos, igual que levou a enerxía para lonxe, deixando en precario os núcleos máis próximos. Levoulle á xente, como o intentou coa velliña de San Fiz, as referencias vitais, os lugares comúns, a memoria dos antepasados, deixando, ao cambio, pouco máis que despoboación e abandono. Finalmente, o encoro supuxo a separación do país riberao, agravada pola emigración que foi sangrando este territorio até deixalo exhausto, case nos estertores da agonía. Queda a memoria das vellas relacións gardando as

historias doutras pontes e pasos como o do Camiño Novo, unido pola ponte da Xabrega, de posíbel orixe romana, enterrado na lamas do río, situado no chamado Pear da Ponte, por baixo de Vilar de Cerreda; a famosa Ponte de Paradela, “a cal podería ser ela soa unha cousa notábel, pois é unha ponte de madeira que non debe de haber outra semellante en toda España”, como nos di o Licenciado Molina en 1550. E queda a memoria dos pasos fluviaais das barcas de toda esta xeografía, abertas ao tránsito polas bocaribeiras.

Camiñando un quilómetro pola estrada en dirección aos Peares, paralela ao río, chegaremos á fervenza do Goldeiros, xunto da cal principiamos a ascensión a Santo Estevo: 2,5 quilómetros por ramplas doadas de levar, zigzagueando polas abas do monte, baixo o verdecente palio das carballeiras e os soutos centenarios, máis abondosos, estes, nesta ourela ourensá. Subimos polo Camiño Natural, ben coidado, sinalizado con paneis explicativos. Imos vendo a aldea da Chaira coa súa igrexa. Oculto até máis arriba, San Cosmede e a liña da senda a Pombeiro por Pena Veada e os sartegos antropomorfos do Preguntoiro. Por aquí cremos intuír por que elixiron estas paraxes aqueles anacoretas, buscando o retiro e a meditación: a natureza excédenos, sen deixarse aprehender de todo, chea de revelacións, de sons repenicando no noso cerne, establecendo correspondencias entre o desexado e o vivido, entre o barro que nos forma e a organización excelsa da materia.



Camiño Real na Barca

Nestes camiños o mundo ten aberturas, espazos que se renovan a cada segundo, transformándonos por dentro, porque o marabilloso lle sae de súpeto ao viaxeiro. O camiño ten sempre algo de epifanía, con cheiros que activan resortes, chaves abrindo cada reviravolta. Non é difícil imaxinar, aquí, aos homes buscándose a si mesmos e créndose máis cerca do numinoso. Froito de todo eso son as capelas de posíbel orixe eremítica que marcan estes lugares: as ruínas de San Miguel de Canal, con antiquísimas inscricións, e as referencias ás capelas da Nosa Señora, Santa Cruz ou Santa Baia, de por si topónimo significativo, ou a capela de San Xoán de Cachón, á que se accede desde Santo Estevo, co lintel recordando o abade Frankila que puido rexer, polo s. X, antes da restauración do mosteiro, por aquelas "abandonado de antigo", unha comunidade de eremitas. Lugares de recollemento e oración, enchendo os pregues destes montes onde os regos perden a compostura para caer a berros polos precipicios.

Cando chegamos á abadía bieita, convertida en Parador, e admiramos a mestura dos tempos desde as súas humildes orixes até ser un dos máis poderosos centros organizativos, no espiritual e no mundano, rexendo almas e facendas; cando admiramos o compendio de estilos, habitual nestas grandes obras, cos principios románicos da igrexa, a disposición única dos tres ábsidas da cabeceira, co central a menos altura para dar paso á luz, e o retablo de pedra enterrado durante moitos anos baixo a suntuosidade renacentista do Claustro Grande restaurado nunha ala con materiais modernos de aceiro e cristal que cobren as feridas da Desamortización; o Claustro dos Bispos, concentrando modos arquitectónicos, o Claustro Pequeno, a fachada barroca, a veneración da pedra mesturada coas historias dos nove bispos aquí recollidos, cuxas mitras figuran nos escudos que enseñoran as paredes; cando contemplamos a

grandeza da obra humana, sentimos que esta é nada comparada coa monumentalidade da natureza circundante. Esa é a clave e a maxia de Santo Estevo.

Poderiámonos deter aquí, pero queremos saber se as lendas son verdade e, sobre todo, se teñen reflexo dun e doutro lado. Así que, cruzamos a aldea mesmo ao lado da casa en ruínas do xeneral Peleteiro, e seguimos o Camiño Natural popularmente coñecido como do Peleteiro, por ter morto o militar nel. Ao pouco, o cruceiro á beira do camiño recórdanos que andamos por lugares santificados, de resonancias antigas. Estamos nas Cirdeiriñas. Debería de haber algunha pedra coas marcas do cabalo de Santiago cando saltou desde a pena do Baldeiros en Anllo. En Pombar, a carón da Capela da Virxe das Neves, sinaláronnos un cuturuliño por riba de Santo Estevo ao que se accedía polo Camiño da Amargura, pois por alí levaban os condenados a morte até O Chao da Forca. No cumio, nunhas rochas, hai unha pileta irregular, semellantes ás das Pedras da Virxe espalladas por toda Galiza, onde se di que o cabalo do discípulo de Cristo deixou as marcas.

Seguindo a senda sinalada, chegamos aos Penedos do Castro, con vestixios de defensas e unha inscrición nunha rocha co nome de +LEOVIGIL/DUX, obxecto de controversia, xunto coa situación do Castro Litoria que algúns situaban neste lugar, e que xa Joaquín Arias Sanjurjo en 1932 crítica desapiadadamente coa súa ironía particular.

Desde estas altas penedias vemos, ao lonxe, o camiño recorrido serpeando polas abas, aberto a outras posibilidades, enmarcado nun amplísimo escenario. Desde estas cimas, recapitulamos o andado, recapacitamos buscando a síntese, a transformación e o renacemento na inabarcábel fermosura deste país ribeiro. E óese, desde o alto, un aturuxo de felicidade resoando nos cavorcos ■